



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 23-03-2026

Data final de exposición: 20-04-2026

O Porriño, a de de

BASES DA SELECCIÓN DEFINITIVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 15 PERSOAS DESEMPREGADAS AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2026 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

1ª.- ANTECEDENTES E OBXECTO.

A Deputación Provincial de Pontevedra publicou, no BOPPO núm. 1, do 02-01-2026, as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIAS) 2026 e a convocatoria da concesión de subvención para financiar a liña 3: activación do emprego 2026 do Plan máis Provincia 2026, dotada con 9.600.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria da devandita Entidade Local 26/942.9425.462.03.

De conformidade coas referidas bases, coa memoria e o decreto da Alcaldía nº 2026-0246, de datas 27-01-2026, en virtude dos cales se solicita á Deputación de Pontevedra, ao abeiro da devandita liña 3, a contratación de 15 persoas desempregadas a xornada completa durante un período de contratación de 9 meses, redáctanse as presentes bases que teñen por obxecto:

Regular a selección definitiva de 15 persoas desempregadas, que estando inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados, dispoñibles para o emprego e figuren na relación de candidatos/as que remita a Oficina Pública de Emprego do Porriño, por mor das correspondentes ofertas presentadas por este Concello nos correspondentes modelos normalizados para os efectos, nos que farán referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que se van a preseleccionar, seleccionar definitivamente e contratar para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos contratos de traballado ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Coas persoas seleccionadas definitivamente se formalizarán os oportunos contratos laborais temporais, durante un período de 9 meses, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei do emprego, para executar o devandito programa de activación do emprego que desenvolverán nos seguintes departamentos, de competencia municipal de interese xeral e social:

-Para o Departamento de Obras Municipais, contratos dunha duración máxima de 9 meses:

- 1 OFICIAL 1ª DE CARPINTERÍA.
- 3 OFICIAL 1ª DE ALBANELERÍA.
- 2 OFICIAL 1ª PALISTA.
- 1 PEÓN DE OBRA PÚBLICA.

-Para o Departamento de parques, xardíns e limpeza, contratos dunha duración máxima de 9 meses:

- 7 PEÓN FORESTAIS.

-Para departamento de cultura, contrato dunha duración máxima de 9 meses:

- 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

1

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 1)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 10/03/2026
HASH: 2314E6B8ce4b802b441815e58e4452b



Concello do Porriño

Cod. Validación: 9AKXSZHP2X9X5Y6N6DA74M4E
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 15





2ª. FORMALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN CONDICIONADA.

Cos aspirantes que resulten seleccionados definitivamente se formalizarán os pertinentes contratos laborais de duración determinada, a xornada completa de 37,5 horas semanais, por cuestións de interese xeral e social, polo período máximo establecido nas devanditas bases da Deputación Provincial de Pontevedra, que establece: *“Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizar como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a súa subvencionabilidade poida exceder este período”*.

A formalización das contratacións obxecto destas bases quedan condicionadas, *sine qua non*, á concesión da subvención solicitada á Deputación para o efecto referido e a existencia de crédito suficiente no orzamento deste concello para a aportación municipal para o exercicio 2026.

3ª. LIMITE NA PARTICIPACIÓN DESTA CONVOCATORIA.

De conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, no Real Decreto-Lei 10/2011, de 26 de agosto, no Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro:

Non poderán participar nesta convocatoria, quedando excluídos/as automaticamente da mesma:

-As persoas traballadoras que nun período de vinte e catro meses houberan estado contratadas durante un prazo, ao que sumado a totalidade ou parte do tempo da contratación obxecto destas bases, sexa superior a dezoito meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo co concello do Porriño, mediante dous ou máis contratos por circunstancias da produción (que non sexan contratos formativos, de relevo ou interinidade), sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal.

Quedarán excluído do cómputo do prazo indicado e do período de vinte e catro meses a que se refiren o apartado anterior, o tempo transcorrido entre o 31 de agosto de 2011 e o 31 de decembro de 2012, existise ou non prestación de servizos polo traballador/a entre ditas datas, computándose en todo caso aos efectos do indicado en dito artigo os períodos de servizos transcorridos, respectivamente, con anterioridade ou posterioridade ás mesmas.

4ª. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos:

A) NACIONALIDADE

Ser español/a. *(Acreditarase mediante fotocopia do DNI en vigor).*

As persoas nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros/as residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós/cás españois aos empregos





públicos nos termos e coas excepcións que determina o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. *(Acreditarán ademais a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todos/as aspirantes, mediante fotocopia da tarxeta en vigor acreditativa, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe).*

B) SER PERSOA DESEMPREGADA, INSCRITA NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA COMO DEMANDANTE NON OCUPADA E DISPOÑIBLE PARA O EMPREGO. *(Este requisito quedará cumprido se o aspirante figura na relación de persoas candidatas que deberá remitir a Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia por mor da correspondente oferta que lle presente este Concello no modelo normalizado para o efecto).*

C) IDADE

Ter 16 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa na data de remate de presentación de instancias. *(Acreditarase de igual forma que o apartado A).*

D) TITULACIÓNS

1. Para as persoas aspirantes a ser seleccionadas e contratadas como:

- OFICIAL 1ª DE CARPINTERÍA.
- OFICIAL 1ª DE ALBANELERÍA.

Estar en posesión, ou en condición de obtela na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, **do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente.**

2. Para as persoas aspirantes a ser seleccionadas e contratadas como:

- OFICIAL 1ª PALISTA.

Estar en posesión, ou en condición de obtela na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, **do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente, e do permiso de condución da clase C+E en vigor.** *(Acreditarase mediante fotocopia de dito permiso).*

3. Para as persoas aspirantes a ser seleccionadas e contratadas como:

- AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

Estar en posesión, ou en condición de obtela na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, **do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, ou titulación equivalente.**

As titulacións esixidas nos apartados anteriores (D.1, D.2, D.3) acreditarase mediante fotocopia do título esixido ou, no seu defecto, do xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.





EQUIVALENCIAS DE TITULACIÓN: Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo o aspirante achegar coa solicitude fotocopia da correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, se é o caso, o BOE en que se publica.

A efectos de acceso a empregos públicos o título de Graduado Escolar será equivalente ao de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, tal como se recolle na Disposición adicional trixésimo primeira da Lei Orgánica 2/2006 que establece:

“O título de Graduado Escolar da Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa e o título de Graduado en Educación Secundaria da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, terán os mesmos efectos profesionais que o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria establecido na presente Lei.”

HOMOLOGACIÓN DE TITULACIÓN: No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, os aspirantes deberán achegar coa solicitude fotocopia do documento que acredite a súa homologación.

4. Para as persoas aspirantes a ser seleccionados e contratados como PEÓN FORESTAIS, non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

E) CAPACIDADE FUNCIONAL.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias de cada contrato obxecto destas bases. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a).*

F) NON HABER SIDO SEPARADO/A OU INHABILITADO/A.

Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin terse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).*

G) NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCAPACIDADE OU INCOMPATIBILIDADE.

Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. *(Acreditarase cunha declaración de responsabilidade asinada polo interesado/a, sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de que así o solicitase o Tribunal).*

H) NON ESTAR COMPRENDIDO EN CAUSA DE ENCADEAMENTO DE CONTRATOS TEMPORAIS





Non estar comprendido en causa de encadeamento de contratos temporais a que se refire a base segunda de exclusión automática desta convocatoria. *(Acreditarase coa presentación do orixinal ou fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral actualizada expedida a partir do mes de febreiro de 2026** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social da persoa candidata e do orixinal da declaración de responsabilidade do interesado/a de non estar comprendido en causa encadeamento de contratos temporais).*

Tódolos anteriores requisitos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e consévalos, polo menos, ata ao momento de formalización do contrato.

5ª. SOLICITUDES

As persoas candidatas desempregadas, preseleccionadas pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, interesadas en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde do Concello do Porriño, que presentarán no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou nas formas que regula a lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á que xuntarán inescusablemente a documentación requirida nestas bases.

O prazo de presentación será de **5 días hábiles** (o sábado non é día hábil) contados desde o seguinte ao da publicación das presentes bases da convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org. O devandito prazo de presentación de solicitudes prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte, se terminase nun día inhábil.

A solicitude poderá formularse conforme ao modelo que se acompañan como **ANEXO** destas bases ou na forma que determina o artigo 66 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación do procedemento de selección a que se refire estas bases e á contratación que pretende e así mesmo unha declaración expresa de que coñece, acepta as Bases que rexen o proceso selectivo e reúne os requisitos sinalados nas mesmas.

Remitirse unha fotocopia das bases da convocatoria á Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e ao Centro de emprego municipal deste Concello.

Xunto coa solicitude os/as aspirantes achegaran inescusablemente a documentación que acredite que cumpren os requisitos determinados nestas bases, tal como se indica en cada un dos seus apartados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o alcalde ditará resolución pola que se aprobe a **lista provisional** de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, e se designe o tribunal do proceso selectivo. A resolución aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de





anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Para o caso de que houbera persoas aspirantes excluídas ou omitidas na devandita lista, estas disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución aprobatoria da lista provisional de persoas admitidas e excluídas para emendar, de ser o caso, os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. As persoas aspirantes que dentro do prazo indicado non emenden tales defectos de exclusión ou non alegasen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de persoas admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, o Alcalde ditará resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data de comezo das probas de selección. Esta resolución aprobatoria da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, de igual xeito se publicara a resolución das solicitudes de abstención ou recusación se as houbese

O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

6ª. ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

As persoas con discapacidade deberán cumprir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da praza convocada e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases.

Ademais do indicado na base 4ª relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada.





Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, deberán:

- a) Solicitalo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.
- b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

7ª. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polos empregados/as públicos que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás contratacións convocadas. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao





artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal de selección poderá incorporar asesores/as especialistas para os supostos nos que fosen necesarios.

8ª. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o **concurso-oposición**, coa finalidade de que as persoas candidatas amosen a súa idoneidade para o contrato ó que opten.

9ª. DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN.

No caso de que participen persoas con discapacidade que solicitasen adaptacións de tempo e medios, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. O Tribunal de selección poderá requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificadas con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación dunha persoa candidata coma aspirante as probas obrigatorias no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nas mesmas, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que teña que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que teñan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.





En calquera momento o tribunal poderá requirir as persoas opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún doas persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os exercicios celebraranse sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización das probas.

10ª.- FASE DE OPOSICIÓN:

Esta fase será previa a fase de concurso e consistirá nunha **PROBA TEÓRICA OU PRÁCTICA DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.**

Esta proba se realizara conforme os contidos requiridos para cada categoría profesional indicada no obxecto destas bases no tempo que fixe o Tribunal, segundo a extensión e dificultade dos mesma.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; quedando eliminados as persoas aspirantes que non obteñan un mínimo de cinco (5) puntos.

A cualificación da proba será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do Tribunal.

Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do Tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do Tribunal.

Para a súa valoración terase en conta as habilidades e destrezas na execución da proba así como a perfección no resultado final da mesma.

11ª.- FASE DE CONCURSO:

Posterior á fase de oposición, e consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes que teñan superado a fase de oposición, segundo os criterios seguintes. Se algún documento que fora necesario para acreditar algún mérito non fose posible obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes indicado na base 5ª, poderá aportarse ata o momento de avaliación dos méritos polo tribunal.

OS MÉRITOS A VALORAR SON OS QUE SE DETERMINAN NO SEGUINTE BAREMO:





11ª.1.- Situación sociolaboral, familiar e persoal dos/as candidatos/as.

Valórase neste apartado o seguinte:

1º) Que os/as aspirantes leven inscritos como demandantes de emprego máis de UN (1) ano (desempregados/as de longa duración): **1,00 puntos**.

Acreditarase coa tarxeta de demandante de emprego e cun certificado de períodos de inscrición expedido pola correspondente Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia.

2º) Por ser muller con baixa cualificación: **0,90 puntos**.

Acreditarase que non ten bacharelato nin grao medio de FP mediante o curriculum vitae expedido pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, e unha declaración xurada de que no ten estudos superiores a ESO ou o grao básico de FP.

3º) Por ser maior de 45 anos: **0,80 puntos**.

Acreditarase mediante fotocopia do DNI, pasaporte ou outro documento equivalente vixente que acredite a idade.

4º) Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: **0,70 puntos**.

Acreditarase que non ten bacharelato nin grao medio de FP mediante o curriculum vitae expedido pola Oficina do Porriño do Servizo Público de Emprego de Galicia, e unha declaración xurada de que no ten estudos superiores a ESO ou o grao básico de FP.

5º) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego: **0,60 puntos**.

Acreditarase achegando orixinal ou fotocopia do certificado do organismo oficial competente que acredite a discapacidade e a súa porcentaxe.

6º) Por ser vítima de violencia de xénero: **0,60 puntos**.

Acreditarase mediante fotocopia compulsada da resolución xudicial firme ou orde de protección en vigor.

7º) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo: **0,50 puntos**.

Acreditarase mediante orixinal ou fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia expedido polo Concello a partir do mes de abril de 2025, e convenio regulador ou sentenza xudicial que determine a garda e custodia dos fillos/as a cargo (se fose o caso).

8º) Por nivel de renda máis baixa das persoas candidatas que se puntuará do seguinte xeito:

-Se as persoas candidatas non perciben prestación algunha: **0,30 puntos**.





Acreditarase con fotocopia das certificacións negativas do Servicio Público de Emprego Estatal (SEPE) -antigo INEM-; da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou da de Política Social e Igualdade; e do INSS, debendo aportarse as tres certificacións, no caso contrario non se poderá valorar este apartado.

-Se os ingresos da persoa candidata son menores que o valor do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente: **0,25 puntos**.

Acreditarase mediante a presentación do orixinal ou fotocopia do documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).

-Se os ingresos da persoa candidata están comprendidos entre o valor do IPREM mensual vixente, e dúas veces o valor do IPREM vixente: **0,20 puntos**.

Acreditarase mediante a presentación do orixinal ou fotocopia documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).

-Se os ingresos da persoa aspirante son superiores a dúas veces o valor do citado IPREM mensual vixente: **0,10 puntos**.

Acreditarase mediante a presentación do orixinal ou fotocopia documento acreditativo de ter concedida a prestación correspondente (RISGA, RAI, PREPARA e outros).

11ª.2.- Experiencia profesional: máximo 1 punto.

Valorarase neste apartado a experiencia profesional **directamente relacionada coa contratación á que se opta na solicitude**, da seguinte forma:

-0,10 puntos por mes completo traballado en Administracións Públicas.

Acreditarase mediante certificación expedida polo correspondente funcionario/a habilitado para o efecto ou no seu defecto mediante os contratos de traballo e orixinal de informe ou de certificación de vida laboral expedida a partir do mes de abril de 2025 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Se a experiencia profesional a que se refire este apartado fóra acadada durante os anos 2024 ou 2025 e no concello do Porriño, non será avaliada.

-0,05 puntos por mes traballado en empresas privadas.

Acreditarase mediante orixinais ou fotocopias dos contratos de traballo que tivese e/ou de certificacións expedidas polas entidades onde prestou os servizos, nas que figuren de xeito detallado as funcións desempeñadas e o tempo durante o cal as desempeñou, e orixinal ou fotocopia de informe ou de certificación de vida laboral expedida a partir do mes de abril de 2025 pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

11ª.3.- Formación: máximo 1 punto.

Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias de cada contratación a que haxa optado a persoa aspirante, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou





Organismo Público (INAP, EGAP e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados. A puntuación outorgarase de conformidade co seguinte baremo:

- Ata 50 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 51 a 100 horas: 0,15 puntos por curso.
- Máis de 100 horas: 0,20 punto por curso.
- Por cada curso no que non se especifique a duración: 0,05 puntos.

En relación co coñecemento da lingua galega puntuarase unicamente o curso de maior nivel dos seguintes:

- Curso de iniciación ou Celga 2: 0,05 puntos.
- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,10 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,20 puntos.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Os cursos de informática non poderán superar na valoración 0,50 punto. Cando existan varios cursos de idéntico contido, valorarase unicamente o de maior duración.

Os cursos acreditaranse mediante fotocopia do documento que acredite a súa realización.

12ª.- CUALIFICACIÓN

O Tribunal sumara as puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso, e elaborará cadansúa lista coas persoas aspirantes por orde de puntuación obtida para cada contratación e formulará ó Sr. Alcalde cadansúa proposta de contratación cos persoas aspirantes que obteñan as maiores puntuacións.

No caso de empate na puntuación final entre dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase a favor da persoa candidata que acadara a maior puntuación na proba práctica e de continuar o empate pola maior puntuación obtida no punto I.- Situación sociolaboral, familiar e persoal; de persistir o empate dirimirase pola maior puntuación obtida no punto II.- Experiencia profesional, de continuar o empate pola obtida no apartado III.- Formación; de persistir o empate pola obtida na proba práctica e de manterse este mediante un sorteo.

As puntuacións e propostas do Tribunal faranse públicas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, concedendose as persoas interesadas un prazo de 2 días para que efectúen as alegacións que estimen oportunas que serán resoltas motivadamente polo Tribunal.

13ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO





A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal, da resolución da Deputación de Pontevedra á solicitude de subvención e da existencia de crédito suficiente no orzamento deste concello para a aportación municipal para o exercicio 2026, requisitos aos que, “sine qua non”, quedan supeditadas as contratacións e unha vez xustificadas os requisitos esixidos resolverá o que corresponda.

A formalización das contratacións obxecto destas bases quedan condicionadas á concesión da subvención solicitada á Deputación para o efecto referido e a existencia de crédito suficiente no orzamento deste concello para a aportación municipal para o exercicio 2026.

As persoas aspirantes propostas, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba contractual, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada da persoa seleccionada de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que as persoas contratadas non puideran cumprir o contrato ou en casos de baixas o Alcalde poderá formalizar un novo contrato polo tempo restante coa seguinte persoa aspirante que por orde de puntuación lle corresponda, sen que en ningún caso a duración total do contrato inicial e do contrato da persoa substituta poida exceder do tempo indicado na base primeira.

No caso de baixas permitírase a contratación doutra persoa traballadora que a substitúa para os efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable; tendo que optar o Concello por imputar o custo dunha ou doutra persoa traballadora alternativamente durante o período de baixa.

14ª.- INCIDENCIAS

O Tribunal resolverá as dúbidas que se presenten e tomará os acordos necesarios para a boa orde da selección. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos/as a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta.

Contra os acordos do tribunal poderán interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 39/15, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.





15ª. RÉXIME XURÍDICO

Base cuadraxésimo terceira do Capítulo III. Liña 3. Activación do emprego 2026, das devanditas bases reguladoras do *Plan máis Provincia 2026* da Deputación de Pontevedra (*BOPPO núm. 1, de 02/01/2026*); Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 2720/1998; Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no Emprego e a transformación do mercado de traballo, Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

ANEXO (MODELO DE SOLICITUDE)

MODELO DE SOLICITUDE para tomar parte no proceso de selección definitiva **para a contratación laboral temporal**, na modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a xornada completa, **de 15 persoas desempregados** para apoio a servizos municipais de interese xeral e social, **ao abeiro do Plan máis Provincia 2026**, liña 3 (BOPPO núm. 1, do 02-01-2026).

| | | | |
|--------------------|--|----------|--|
| D./Dna. | | | |
| DNI núm. | | | |
| e con domicilio en | | | |
| Código postal | | Concello | |
| Teléfono | | e-mail | |

ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño,

EXPÓN E DECLARA EXPRESAMENTE:

a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso cunha proba teórica ou practica eliminatória, para a selección e contratación laboral baixo a modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a xornada completa de 37,5 horas semanais, por cuestións de interese xeral e social, e concretamente que a formalización das contratacións obxecto destas bases quedan condicionadas, *sine qua non*, á concesión da subvención solicitada á Deputación Provincial de Pontevedra polo concello do Porriño e a existencia de crédito suficiente no orzamento deste concello para a aportación municipal para o exercicio 2026.

b) Que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.





Concello do Porriño

c) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:

- Fotocopia do DNI ou tarxeta en vigor para os que non teñan nacionalidade española.
- Fotocopia do título esixido nas bases para a contratación a que opte o solicitante. (Cando se esixa coma requisito).
- Fotocopia do permiso de condución da clase C+E en vigor (Cando se esixa coma requisito).
- Declaracións de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base **CUARTA**, apartados **E), F), G) e H)**, asinada pola persoa interesada.
- Fotocopia da **certificación ou informe de vida laboral expedida a partir do mes de febreiro de 2026** pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Fotocopias da documentación xustificativa dos méritos que aleguen que se valorará conforme se establece na **base 11ª** das Bases que rexen o proceso selectivo.

Por todo o exposto, **SOLICITA:** Ser admitido/a ao devandito procedemento de selección para poder formalizar contrato laboral temporal baixo a modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dunha duración máxima de 9 meses ,como:

(marcar o contrato ao que opta)

| | | |
|-----------------------------|-----------------------------|-----------------------------|
| 1 Oficial 1ª de carpintería | 3 Oficial 1ª de albanelería | 2 Oficial 1ª palista |
| 1 Peón obras públicas | 7 Peón forestais | 1 Auxiliar administrativo/a |

O Porriño, a ____ de _____ de 2026

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

15

Cod. Validación: 9AKXSZHH2X9X5Y6N6DA74M4E
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

